



Fotos: Diego Seixo

# Smoke on the Water

Sexo, drogas e rock'n'roll

Iván Fernández

## Dende

o ano 2010, Ibuprofeno Teatro vén construíndo toda unha traxectoria no teatro galego con pezas como *O mel non caduca*, *O Furanco*, *Casa O'Rei* ou *Raclette*, coa que quedaron finalistas aos Premios Max de las Artes Escénicas nas categorías de Mellor Autoría Teatral e Mellor Dirección Escénica, recibindo ademais o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais e o Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal, entre outros.

Con *Smoke on the Water*, cambian a fórmula que máis teñen experimentado, con Santiago Cortegoso na autoría do texto e na dirección escénica, e Marián Bañobre sobre o escenario (e noutras facetas), deixando esta vez á actriz nas diversas tarefas de producción da peza.

*Making our music there  
With a few red lights, a few old beds  
We make a place to sweat  
No matter what we get out of this  
Ha, I know, I know we'll never forget*

*Smoke on the Water*, Deep Purple.

De feito, *Smoke on the Water* é unha peza escrita por Cortegoso hai anos, e que levou o premio MOME Varela Buxán de Teatro no ano 2013, e que agora deciden levar á escena.

Unha declaración de amor ao rock'n'roll clásico, dos anos 70 e 80, aderezada cun ton nostálgico (representado moi claramente a través do negocio do protagonista, unha tenda de vinos) que impregna toda a peza, falando do paso do tempo e dos soños que deixamos atrás, das utopías nas que cremos e das realidades que as confrontan, do amor e da falta de amor.



Sobre o escenario, unha familia máis típica do que se cadra podería parecer dende un principio: unha parella de rockeiros fóra de época, formada por Ritchie (Josito Porto) e Janis (Belén Constenla), herdeiros xa nos seus nomes dunha nostalxía polos tempos pasados, que coidan da nai do primeiro, impedida nunha cadeira de rodas.

A relación, que vén dun pasado mitificado, está agora en plena decadencia, cunha Janis que comeza a camiñar cara un futuro incerto (está estudiando unha carreira) e cun Ritchie ancorado no pasado (non quere saber nada da música logo dos 80) e anestesiado polas drogas e o alcohol.

A relación mantense se cadra por costume ou por medo a perder ese costume, mais o movemento que fai Janis cando contrata os servizos dun traballador sexual (Adrián Ríos) para darse un gusto, acaba xerando unha nova relación sentimental que propiciaría que a parella teña que enfrentarse cos seus demas internos e tomar unha decisión final.

Josito Porto semella estar moi cómodo na pel deste Ritchie (inspirado no homónimo guitarrista de Deep Purple), pasando do humor rancio típico dos homes da súa quinta a intres de intensidade emocional, especialmente cando sinte desmoronarse a súa relación de parella. A tenrura coa súa nai, a agresividade co mozo que intúe como competencia e a violencia verbal cara a súa parella falan dun personaxe complexo, con moitos matices, que se cadra quedan eclipsados pola insistencia deste home en drogarse como sexa, dando a entender que a realidade na que vive non lle interesa.

Pola súa banda, Belén Constenla volve a atoparse con Janis Joplin logo do seu inesquecible *strip tease* en *Terceiro Acto*, mais se cadra aquí co lado máis dramático da diva, reflectido nos problemas mentais do personaxe que a van convertendo nunha bomba de reloxeira a piques de estourar, como queda xa apuntado na dificultade que ten a día de hoxe para poder cantar. Se non es quen de cantar, Janis, como vas espantar os males?

Maria Costas ten un dobre papel na función. Por unha banda Amparo, a nai dese Ritchie desastre, impedida tras varios derrames cerebrais e que constitúe un elemento de angustia crecente na peza pois, cando fala, faino só para reclamar o seu dereito para marchar en paz. É curioso como a presenza dunha persoa que apenas se move durante o seu tempo en escena pode xerar tal nivel de angustia. Tal é o poder do contraste e o ritmo, manexados pola actriz (da que se cadra botamos en falta escouitar cantar, xusto nunha peza tan musical coma esta). Pola outra banda aparece como a realidade que irrompe na vida da parella, como a empregada do banco que non para de chamar para reclamar unha chea de débedas.

Porque *Smoke on the Water* é tamén unha crítica ao capitalismo, se cadra dende esa ollada nostálgica dunha época onde todo semellaba más doado, coa aparición dun sistema que impide tamén a realización dos soños das persoas. Isto cristaliza no personaxe de Adrián Ríos, un rapaz que traballa como prostituto e que utiliza os seus contactos de clientes para ter certos beneficios, ao tempo que ten unha dobre vida como vándalo nocturno, queimando caixeiros e tirando elementos públicos ao río... un personaxe que esperta tenrura porque está no polo oposto da parella que ten enfrente: para el está todo por chegar e todo é posible, mesmo o amor que sinte por unha cliente á que quere "rescatar" dun lugar que ela mesma escolleu.

Completando o cuarteto está Mon Orenco (alias Mr. Cool), responsable do espazo sonoro e da música en directo que hai na peza. Tirando de cancións ben coñecidas, os números musicais en vivo axudan a crear un espazo onírico e alternativo ao drama que estamos a vivir, dándolle ademais á peza un aire de concerto moi agradecido e polo que podemos, dende as gradas, conectar con ese pasado no que viven os personaxes.

Compre salientar tamén que tanto a iluminación (guiada por Salvador del Río) como a escenografía (deseñada por Pablo Giráldez) están pensadas para salientar esta lectura de dobre espazo: o íntimo, da casa dos personaxes (onde recoñecemos o estilo de Ibuprofeno, a través do uso do mobiliario, por exemplo), e o onírico e musical, con elementos espectaculares propios dun concerto de rock.

Na autoría, tanto do texto como da posta en escena, está Santiago Cortegoso, quen como dicíamoa ao comezo deste artigo vén desenvolven-  
do unha carreira moi importante tanto dende o terreo dramatúrxico como dende a dirección de escena. Neste caso, a dirección é efectiva e efectista (especialmente coa integración dos números musicais, mais tamén con intres como o espido do prostituto, o final de Amparo ou o secuestro da empregada do banco). Na solución da peza eu bote en falta aos personaxes principais, que volverán logo para a despedida final (e apoteósica) pero que deixan o espazo para o conflito secundario entre prostituto e cliente, e un, que xa lles collera cariño, estráños.#

*Smoke on the water  
A fire in the sky  
Smoke on the water*

## ***Smoke on the Water, Ibuprofeno Teatro***

**Texto e dirección:** Santiago Cortegoso

**Elenco:** Josito Porto, Belén Constenla,

Adrián Ríos, María Costas, Mon Orenco

**Movemento escénico e axudantía de dirección:** Carmela Bueno

**Espazo escénico:** Pablo Giráldez "O Pastor"

**Deseño de Iluminación:** Salvador del Río

**Deseño de vestiario:** Marián Bañobre

**Xastrá:** Betty Bustos

**Caracterización:** Baia Fernández

**Espazo sonoro:** Mon Orenco

**Técnico en xira:** Héctor Pazos

**Cobertura técnica:** Ningures Producción S.L.

**Vídeo:** José V. Estonillo

**Produción:** Marián Bañobre

**Comunicación:** Fátima R. Varela

Residencia artística no Teatro Principal da Estrada; axuda á creación da Agadic.

**Auditorio do Concello de Vigo.**

**11 de marzo de 2022.**

